



MEMORIA LÚDICA E DIDÁCTICA

LIXO NA ESCOLA

1. Descrición do proxecto e obxectivos
2. Que é Lixo?
3. Actividades previas na aula
4. Temporalización
5. A quen vai dirixido?
6. Orzamento
7. Que é o Baúl da tía Tola?

DESCRICIÓN DO PROXECTO

Lixo na escola é unha actividade lúdica e didáctica para complementar actividades medioambientais levadas a cabo nos centros escolares que mestura a cultura e a educación medioambiental.

O proxecto consta de dúas partes: a primeira, actividades propostas para traballar co profesorado na aula; e a segunda, representación do espectáculo Lixo.

Partindo do espectáculo teatral Lixo, que fala sobre a importancia da reciclaxe, creamos un proxecto no que poder traballar dende a escola os seguintes **obxectivos**:

- Concienciar a través do xogo e da expresión artística sobre a utilización masiva e reutilización dos plásticos.
- Fomentar a reflexión crítica sobre o coidado e respecto cara o medio natural.
- Invitar á reflexión sobre a contaminación e a situación na que se atopa o noso planeta, a Terra
- Compartir alternativas ó uso excesivo de plástico.
- Aprender a coidar do entorno mediante actitudes individuais que reflicten no ben común.
- Fomentar o uso da lingua galega dende idades temperás.
- Desenvolver a competencia creativa e a expresión oral en lingua galega mediante a participación espontánea na obra.
- Apreciar o teatro e as artes plásticas como un medio de disfrute do tempo de lecer

QUE É LIXO?

Lixo é unha obra de teatro en lingua galega, na que se pon de relevo unha das problemáticas do nosos días: o uso excesivo do plástico.

Na obra facémonos a seguinte cuestión: “onde vai parar todo o plástico que deixamos sen recoller?”

Dende Lixo pretendemos visibilizar esta problemática, e dun xeito divertido procurar que as nenas, nenos e adultos, recapacitemos sobre o que cada un podemos aportar dentro das nosas posibilidades para mellorar esta situación, e que as terribles imaxes do maltrato á natureza que nos chegan no presente, muden nun futuro.

Seguindo este camiño dámoslle especial importancia á reciclaxe, a darlle unha nova vida ao plástico e que este non sexa sempre de “usar e tirar”.

Durante o espectáculo facemos un percorrido pola paisaxe galega, potenciando o valor do patrimonio natural que temos en Galicia, fomentando a reflexión crítica sobre o coidado e respecto cara o medio natural para a súa conservación. Invitamos á reflexión sobre a contaminación e a situación na que se atopa a nosa terra, animando a coidar do entorno mediante actitudes individuais que reflicten no ben común.

Sinopse

Sempre a correr chegan Plié e Relevé ao teatro para mostrar a “Gran coreografía”. O público xa está preparado para ver a función, elas colocan os seus tutús a música comeza a soar... pero, para a súa sorpresa, a súa escenografía non está no escenario!

En troques desta atopan unha montaña de plásticos.

*E quen foi a que fixo,
esta montaña de lixo?*

*Estará a súa estrutura,
debaixo de tanta varredura?*

*Farán un espectáculo fantástico,
a partires de todo este plástico?*

Lixo: un mundo de plásticos, luces, sonoridade e movemento

Lixo é un espectáculo no que se pon de relevo a imaxe e o espazo sonoro. Grazas ao uso das luces, a plasticidade do material empregado e ao movemento conseguimos crear escenas de gran beleza visual, e grazas ao emprego de pareados conseguimos gran musicalidade nos textos.

As protagonistas son dúas bailadeiras moi peculiares que ademais de falar en pareado, móvense con pasos de ballet inventados e axúdanse das luces para crear diferentes atmosferas ao longo do espectáculo, dando así ritmo e rima á obra.

A escenografía está creada a partires de plástico reciclado (rescatamos bolsas e diferentes plásticos de comercios, outros de uso cotiá e esqueletos de tendas de campaña). Esta idea partiu da mítica frase de La Bruja Avería : “La basura es cultura”. Por iso fixemos cultura coa varredura.

ACTIVIDADES PREVIAS NA AULA

É unha proposta que lles facemos ao profesorado para que podan traballar na aula algúns aspectos sobre a reciclaxe e coidado do medio relacionados co espectáculo que desfrutarán posteriormente.

As personaxes da obra presentaranse aos nen@s a través dun vídeo no que lles pedirán que leven a cabo diferentes misións que revelarán algúns segredos da obra “Lixo”.

Misión 1: **Crear un conto entre todos.** Na obra aparece un conto que narra a viaxe dun anaco de plástico pola nosa Terra. Darémolles o inicio do conto e algunhas preguntas que poderán responder para crealo. Asemellarase ao noso?

Misión 2: **Lembrar todas as árbores, animais mariños e paxaros galegos** que coñezan.

Por mor do vento, as chuvias, as correntes, etc... o noso plástico comezou a viaxar a moitos lugares. E nestes lugares atopouse con outros seres da nosa terra. Será que na obra aparecen os mesmos?

Misión 3: **Crear un monstro de plástico entre todos.**

Imaxina que dos plásticos que quedan sen recoller xorden pequenos seres, e que estes seres se alimentan de plástico crecendo cada vez máis e creando monstros. Estes monstros teñen Superpoderes que empregan para defender a nosa Terra da contaminación.

Podedes imaxinar eses monstros? Agora toca crealos!

TEMPORALIZACIÓN

Duración das actividades: a elección do profesorado

Duración do espectáculo “Lixo”: 40 minutos

A QUEN VAI DIRIXIDO?

A alumn@s de Infantil e Primaria

ORZAMENTO

Prezo por función. **450 €**

Contratando máis dunha función, as seguintes **50% de desconto**

QUE É O BAÚL DA TÍA TOLA?

“O baúl da tía Tola” é unha compañía de teatro infantil, creada no ano 2014 coa finalidade de achegar o teatro ao público máis novo. Está formada polas actrices e creadoras Anna Cañadillas e Soraya Paradela, e de forma intermitente contamos coa colaboración de Alfredo Rodríguez como director, Óscar Mosquera como técnico de luz e son, La Canalla na creación de vestuario e Marcos Mosquera na edición de vídeo.

A compañía conta actualmente con tres espectáculos de creación propia, todos eles en lingua galega: **Tilintilonia** e **Estrazalonia** pensados para a primeira infancia e **Lixo** para público familiar. Estas obras foron representadas en diferentes auditorios, espazos artísticos e festivais do territorio galego.

[Teatro Infantil | O Baúl da Tía Tola \(obauldatiatola.com\)](http://obauldatiatola.com)

Currículos do elenco artístico

Soraya Paradela

Formouse en interpretación e diversos estilos de danza en diferentes escolas de Madrid e Vigo como A Artística (Vigo) e Ladinamo (Madrid), ademais de ser licenciada en Bioloxía. Traballou como actriz en diversos espectáculos teatrais como Mac, Yes we can (Xerpo Cultural), As bruxas de Salem e Aladín perdido na Galiza (Compañía Arte Livre) e Menú Vexetal (A Artística), e diferentes producións audiovisuais. Formou parte do grupo Cabaré de Titán como creadora e intérprete. Actualmente é parte do equipo artístico e creativo de O baúl da tía Tola.

Anna Cañadillas

Formouse como actriz nas escolas Municipal de Vigo e Studis de teatre en Barcelona onde se especializa en teatro xestual e como profesora de Máscara Neutra na pedagogía de Jaques Lecoq. Participou como actriz na compañía Cabaré de Titán (en diferentes espectáculos de creación colectiva), no espectáculo Menú Vexetal de Aartística, en Comando antibiótico das bacterias mutantes de Xerpo Cultural. Creou a compañía de teatro infantil O baúl da tía Tola.

